



## Caderno da crítica

### Inma López Silva: "o poder revolucionario da palabra escrita"

[Ramón Nicolás](#) [12 Setembro 2012](#)

**Comezou a publicar cando non cumprira vinte anos e no seu percorrido salientan diversos galardóns literarios. Falamos con ela sobre [Tinta](#), unha compilación de relatos curtos.**

[Inma López Silva](#) (Santiago de Compostela, 1978) desenvolve na actualidade a súa profesión de docente na Escola Superior de Arte Dramática en Vigo. Columnista en diversos xornais e ensaísta, na súa traxectoria salientan novelas como [Concubinas](#) (coa que obtivo o Premio Xerais en 2002) ou [Memoria de cidades sen luz](#) (coa que gañou o premio Blanco Amor en 2007), ambas traducidas ao castelán en Ediciones [Ámbar](#), e [New York, New York](#) (2008), igualmente traducida en [El Andén](#).

**—Publicou a súa primeira novela con 18 anos. Que permanece en vostede daqueles comezos?**

-Comecei a escribir porque cría na capacidade da literatura para construír mundos alternativos que permitan unha reflexión distanciada e unha opción para a outredade e o sentido crítico. Todo iso non cambiou aínda que quizais se depurou e, sobre todo, se confrontou co meu propio proceso vital: entre os 18 anos e os meus 34 actuais, intensificouse aínda máis a miña crenza no poder revolucionario da palabra escrita.

**-Nas súas propostas narrativas hai moita ironía e unha mirada á memoria para fabular...**

-A memoria, creo, é o espazo natural da narrativa. Contamos porque a nosa linguaxe ten a potestade de servir de espello retrovisor do mundo. Situar as miñas novelas nunha perspectiva memorística (aínda que sexa sobre a actualidade) é situalas no contexto natural do relato, algo que, ademais, se ve intensificado pola utilidade literaria dos temas situables na memoria, así como polo interese crítico e intelectual dese ámbito. En canto á ironía..., non a busco, pero depositase no que escribo...

**-Ao tempo, o protagonismo feminino e certa anglofilia alicerzan a súa estética narrativa...**

-O protagonismo feminino é, na maior parte dos casos, unha decisión consciente: quixen dar voz, sobre todo en *Memoria de cidades sen luz* e *Concubinas*, a voces silenciadas da Historia, e de aí que optase por centrar o relato no punto de vista de mulleres que dan a súa versión dos feitos, convertendo en posible historicamente o que en realidade é ficción. Noutros casos, esa presenza feminina débese a que me sinto cómoda nunha narrativa que xoga á confusión entre escritora e narradora, vida e relato (*New York, New York*). Esa certa anglofilia forma parte da vida que só son capaz de expresar como ficción, igual que a miña francofilia máis teatral.

**—Que se pode encontrar en *Tinta*?**

-Tinta son seis relatos escritos entre 2000 e 2010. Entre os relatos existen elementos que os

relacionan entre si e co resto dos meus libros. A tendencia ao protagonismo feminino e á utilización da memoria son dúas delas. Certa vocación de compromiso tamén está presente, igual que o xermolo inicial de obras anteriores. *Tinta* supón, ademais, pechar un ciclo literario, aínda cos ollos postos en inquietudes que están máis presentes no que escribo actualmente.

**-E en que consiste esa novidade?**

-É unha unha novela na que o tema é a liberdade dos outsiders e a hipocrisía que rodea as convencións sobre o ben e o mal. Nesta ocasión, dende a propia actualidade.

Esta entrevista publicouse no número 179 da revista *Qué leer*, sección “Letras Galegas”, baixo o título de “La revolucionaria palabra de Inma López Silva”. Ofrezco aquí a súa versión en lingua galega.